

## BOLETÍN INFORMATIVO DA UNIDADE DE IGUALDADE

Nº 2- MARZO 2017

### CONTIDO

---

<b>CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS</b>	2
CURSOS	2
CONVOCATORIAS	2
CONGRESOS	2
<b>AXENDA</b>	3
ACTOS RELACIONADOS CO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES	3
OUTRAS ACTIVIDADES	4
<b>NOVOS RECURSOS</b>	5
<b>NOVAS DO DUVI</b>	6

## CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS

---

### CURSOS

---

#### Universidade de Lisboa

- . *Seeking Gendered Perspectives.* + [INFO](#)

### CONVOCATORIAS

---

#### Universidade de Santiago de Compostela

- Aberta a convocatoria para a participación no grupo de traballo «Política para la igualdad de género en la ciencia y en la universidad» para o vindeiro *Congreso Nacional de Ciencia Política.* + [INFO](#)

#### Universidad de Zaragoza

- Convocatoria de recepción de artigos para o nº 2 de *Filanderas. Revista Interdisciplinar de Estudios Feministas.* + [INFO](#)

#### Deputación de Pontevedra

- Aberto o prazo de inscricións no programa de igualdade «Conectadas 2017». + [INFO](#)
- Aberta a convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero. + [INFO](#)

#### Instituto de la Mujer

- Oferta de cursos virtuais en materia de igualdade en diferentes niveis e ámbitos. + [INFO](#)

### CONGRESOS

---

- *AtGender Spring Conference 2017: Bridging Gender Research and Policy Making: Missing Links, Good Practices, Future Scenarios.* + [INFO](#)
- *I, Scientist. The Conference on Gender, Career Paths and Networking.* + [INFO](#)

## AXENDA

---

### ACTOS RELACIONADOS CO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

---

#### Universidade de Vigo

**8 MAR** Acto Institucional da Universidade de Vigo do Día Internacional das Mulleres. Terá lugar ás 10:30 horas no salón de actos da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. No acto farase entrega do *uviguala 2017* a María Mercedes Álvarez Lires, profesora e investigadora do departamento de Didácticas Especiais da Universidade de Vigo. Coral del Río Otero, investigadora da mesma institución, impartirá a conferencia titulada «Figuras ocultas: o que as estatísticas do mercado laboral amosan». + [INFO](#)

**6 MAR** Semana da Muller no Deporte no Campus de Vigo. O acceso a todas as  
**10 MAR** actividades será gratuïto e sen reserva previa ata completar aforo. + [INFO](#)

**8 MAR** Conferencia «O voto feminino, Clara Campoamor». Terá lugar na aula social do Programa Universitario de Maiores a cargo de Ana Cebreiros, Área de Historia Contemporánea da Universidade de Vigo. 16:30 horas. + [INFO](#)

#### Outras convocatorias

**4 MAR** Mural reivindicativo en Vigo ás 10.00 na rúa de Pi y Margall.

**5 MAR** Manifestación do Día da Loita Feminista ás 12.00 horas. Saída da rúa do Hórreo (diante da Estación do Tren) en Santiago de Compostela.

**6 MAR** Accións de rúa en Vigo na zona do Calvario, zona centro e en Camelias dentro  
**7 MAR** da campaña «precisamos feminismo» na que se interaccionará coa xente para desmontar tópicos acerca do feminismo. Hora aproximada das accións: 18.00 horas.

**8 MAR** Manifestación con motivo do Día Internacional das Mulleres ás 20.00 horas dende a Praza de Portugal en Vigo.

8 MAR Paro simbólico na Praza Maior ás 12.00 horas e manifesta-acción da Castiñeira aos Xardíns de Padre Feijóo ás 20.00 horas en Ourense.

8 MAR Proxección en liña e en tempo real do documental *A Palabra Xusta* sobre a educadora galega Antía Cal, fundadora da Escola Rosalía de Castro en Vigo, co gallo do Día Internacional das Mulleres. O documental emitirase a través da rede e poderase acceder a través do enlace que publicará o xornal *El País* o día 7 de marzo.

## OUTRAS ACTIVIDADES

---

### Universidade de Vigo

15 MAR A profesora doutora Antoniette Kankindi da Universidade de Strathmore impartirá a conferencia «Promoción e igualdade da muller; motor da sociedade en África» no salón de graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo ás 12:30 horas.

### Deputación de Pontevedra

2 MAR Mostra fotográfica «Sorrisos transformadores» da Deputación de Pontevedra e a

9 MAR Asociación de Familias de Persoas Trans Arelas en Caldas de Reis. + [INFO](#)

6 MAR «Mulleres en Acción, Violencia Zero» é un proxecto de acción artística co fin de reivindicar a igualdade de xénero. O Porriño. + [INFO](#)

8 MAR Exposición «Mulleres Galegas na Historia» que ofrece un percorrido pola  
22 MAR traxectoria das mulleres máis representativas da historia de Galicia en Vilagarcía de Arousa. + [INFO](#)

8 MAR «Mulleres en Acción, Violencia Zero» é un proxecto de acción artística co fin de reivindicar a igualdade de xénero. Cuntis. + [INFO](#)

### Concello de Vigo

1 MAR Mostra bibliográfica «Armas de Muller» na Biblioteca Xosé Neira Vilas. Esta

31 MAR mostra expón escolmas da bibliografía máis destacada do fondo sobre esta temática específica. + [INFO](#)

6 MAR A Concellería de Igualdade, en colaboración co Consello Municipal da Muller de Vigo, organiza unha serie de actos e actividades no mes de marzo con motivo da conmemoración do Día Internacional das Mulleres. [+ INFO](#)

14 OUT *Mulleres do silencio. De Maruja Mallo a Angela de la Cruz* supón unha relectura actualizada da exposición *A arte inexistente* —comisariada por Rosario Sarmiento para o Auditorio de Galicia en 1995—, que reunía obras de artistas mulleres en Galicia no século XX (MARCO). [+ INFO](#)

27 XAN *Alén dos xéneros. Prácticas artísticas feministas en Galicia*, unha mostra colectiva que reúne unha selección de obras de 50 artistas, como panorama das prácticas artísticas feministas en Galicia dende os anos noventa ata actualidade (MARCO). [+ INFO](#)

#### Concello de Ourense

8 MAR Programa de actividades con motivo do Día Internacional das Mulleres baixo o lema «Móllate pola Igualdade». [+ INFO](#)

#### NOVOS RECURSOS

---

- *Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia. Sete experiencias que resumen o potencial feminino.* Entrevistas, en colaboración coa UVigo-TV, a destacadas científicas e tecnólogas da Universidade de Vigo que animan á xerar vocacións científicas femininas. [+ INFO](#)
- Informe Científicas en Cifras 2015. [+ INFO](#)
- *Blog* de nova creación do Departamento de Física Aplicada na Universidade de Vigo que dará visibilidade entre os seus contidos ao traballo das mulleres no campo científico. [+ INFO](#)

### Campus de Vigo

- «Menchu Comas, relato en primeira persoa dunha pioneira na exploración dos océanos» + [INFO](#)
- «120 miradas curiosas para fornecer un futuro feminino para a ciencia e a tecnoloxía»+ [INFO](#)
- «Rosalía “como escusa” para reivindicar a lingua e a literatura galega» + [INFO](#)

### Campus de Ourense

- «Os malos tratos verbais, a exclusión social e a agresión física, principais manifestacións do *bullying*» + [INFO](#)
- «O que o feminismo pode achegar á ecoloxía para crear un mundo mellor» + [INFO](#)
- «Reivindicando a Rosalía de Castro, reivindicando a cultura galega. Presentación de videopoemas» + [INFO](#)

### Campus de Pontevedra

- «O campus homenaxea a unha Rosalía máis viva que nunca» + [INFO](#)